

## INSTRUCCIÓN DA SECRETARÍA XERAL 4/2004 SOBRE A COMUNICACIÓN DAS CUALIFICACIÓNS PROVISIONAIS NOS TABOLEIROS DE ANUNCIOS E POR TELÉFONO MÓBIL

O Consello de Goberno, na súa reunión do 22 de xuño de 2004, acordou introducir un novo parágrafo no artigo 15 da *Normativa básica para a ordenación do proceso de ensino/aprendizaxe e da avaliación do rendemento académico dos estudantes*, aprobada pola Xunta de Goberno o 15 de novembro de 2001, relativo á publicación das cualificacións provisionais:

2. Cando sexa posible, a listaxe de cualificacións provisionais á que se refire o apartado anterior elaborárase mediante a aplicación informática de cobertura das actas de cualificacións. Así mesmo, no caso de estar operativo un procedemento para enviar aos alumnos a través de teléfonos móbiles información sobre as cualificacións provisionais das materias nas que estean matriculados e a data de revisión de exames, os profesores deberán autorizar dita comunicación no momento de publicar as cualificacións provisionais, mediante as canles técnicas que se establezan.

Este engadido xustifícase pola introdución na USC dun procedemento para que os alumnos que o soliciten poidan recibir nos teléfonos móbiles que indiquen información sobre as cualificacións provisionais das materias nas que estean matriculados, así como pola conveniencia de que as listaxes de cualificacións provisionais sexan elaboradas coa aplicación informática de elaboración de actas, co fin de evitar os erros na correspondencia entre a publicación provisoria e a acta de cualificacións definitiva.

Efectivamente, a tecnoloxía, a disposición dos técnicos da USC e a colaboración dun operador telefónico fan posible ofrecer aos estudantes da USC un programa de comunicación aos seus teléfonos móbiles das cualificacións provisionais das materias nas que estean matriculados. Esta iniciativa impulsa a transmisión de información, pode ser de gran utilidade aos estudantes nos períodos non lectivos nos que non acoden ás súas facultades e escolas, facilita a relación da USC cos seus estudantes, e en definitiva supón un valor engadido no servizo académico que presta a USC. Por esta razón o persoal da USC debe colaborar, dentro das súas competencias e responsabilidades, á eficacia do programa. Neste contexto, as experiencias piloto realizadas ata agora na USC puxeron de manifesto por unha banda o interese dos alumnos por acceder a este novo servizo, e por outra a imposibilidade de ofrecelo con garantías de calidade sen a información, o compromiso e a colaboración dos profesores.

Por outra parte, a práctica de utilización polos profesores da USC nos últimos anos dunha aplicación informática para a cobertura de actas permite, unha vez consolidada, instar ao uso de dita aplicación tamén para a elaboración dos listados de cualificacións provisionais previos á elaboración da acta, como xeito de asegurar que ditos listados conteñen unicamente os alumnos matriculados, e que as cualificacións provisionais serán reproducidas fielmente na acta de non seren modificadas expresamente. Deste xeito pódense evitar algúns problemas e incidentes recorrentes en relación coas cualificacións dos alumnos.

Tendo en conta o anterior, e coa finalidade de información e impulso, a Secretaría Xeral da Universidade de Santiago de Compostela dicta a seguinte

## INSTRUCCIÓN

### Publicación de cualificacións provisionais

1. Segundo a normativa actualmente vixente na USC, a notificación das cualificacións finais provisionais de cada materia, previa á revisión dos exames, realizarase mediante a publicación (normalmente nun taboleiros da facultade ou escola) dunha listaxe coa cualificación de cada estudante. Co fin de evitar os erros na correspondencia entre dita publicación provisoria e a acta de cualificacións definitiva, **a listaxe de cualificacións provisionais debe elaborarse, cando sexa posible, por medio da aplicación informática de elaboración das actas de cualificacións.**

Aos efectos do disposto no parágrafo anterior, a aplicación informática de elaboración das actas permitirá a impresión de listados provisionais coas cualificacións introducidas por cada profesor, así como listados xerais correspondentes á materia.

### Comunicación das cualificacións aos teléfonos móbiles

2. Establécese na Universidade de Santiago de Compostela un procedemento para que os alumnos que o soliciten poidan recibir nos teléfonos móbiles que indiquen información sobre as cualificacións provisionais das materias nas que estean matriculados, así como outros avisos da USC e aquela publicidade que aprobe a Universidade no marco do acordo de prestación do servizo. A participación no programa é voluntaria para os receptores da información (usuarios) e un deber para os responsables de emitila (profesores, unidades administrativas).

3. Para participar no programa como receptores de información, **os usuarios deberán solicitalo expresamente** indicando o número de teléfono móbil no que queren recibila. A solicitude poderá facerse en impresos específicos, xunto coa solicitude de matrícula ou mediante formularios electrónicos, segundo se determine en función das circunstancias técnicas. A participación no programa como usuario requirirá aceptar as condicións que se establezan, e en particular o tratamento dos datos persoais para os fins solicitados.

4. As **obrigas do persoal docente da USC** en relación co programa consisten en comunicar aos seus alumnos participantes, no momento oportuno e mediante as canles técnicas adecuadas, as súas cualificacións provisionais e, se é o caso, informacións adicionais tales como a data de revisión de exames.

A comunicación das cualificacións provisionais farase a través da aplicación informática de cobertura de actas académicas. Non obstante, debe terse en conta que se **notifican aos móbiles as cualificacións que constan no listado provisional previo á revisión de exames, antes de seren fixadas na acta oficial.** A comunicación da nota provisional non ten validez nin efectos oficiais, pois estes dependen da cualificación da acta pechada e asinada.

5. **O profesor debe comunicar as notas provisionais** de cada convocatoria aos seus alumnos participantes no programa **axiña dispoña delas** e o permita a aplicación informática. Con este fin introducirá as cualificacións correspondentes na aplicación informática habitual e seguirá os pasos necesarios para realizar a comunicación e indicar, de ser o caso, a data e hora de revisión de exames. **O envío das notas aos móbiles non debe ser posterior á súa publicación no taboleiro de anuncios.**

## Procedemento informático para a comunicar as cualificacións aos móbiles

O procedemento para comunicar as notas aos móbiles na actual aplicación informática de elaboración de actas de cualificacións é o seguinte:

1. Introdúcense as cualificacións na aplicación de actas co sistema xa coñecido, e se accede á páxina de impresión co botón *Imprimir/Notas por móbil* ao pé da pantalla de Introducción.
2. Accédese á páxina de comunicación de notas co botón *Comunicar alumnos pendentes* situado ao pé da páxina de impresión. Na páxina de comunicación constan os alumnos que solicitaran ser informados da súa nota no seu móbil e aínda non o foran, coa cualificación asignada polo profesor usuario da aplicación. Non figuran os alumnos non cualificados polo dito profesor, nin os que foran xa informados nos seus móbiles ou non solicitaran selo.
3. Introdúcese no recadro inferior esquerdo a data e hora da revisión de exames, cun máximo de 15 caracteres. Por exemplo: 24/09/04 10-12 h
4. Unha vez comprobados que os datos que se van enviar son correctos, prémese o botón *Realizar comunicación* situado ao pé da páxina. Neste momento o sistema envía as mensaxes SMS. Se a lista é moi extensa o envío pode requirir algún tempo de espera.
5. Na mesma páxina pódense consultar as comunicacións xa realizadas premendo os botóns *Ver alumnos comunicados* e *Ver envíos realizados*
6. As rectificacións nas cualificacións xa comunicadas implicarán a necesidade de notificalas de novo, polo que os afectados pasarán ao listado correspondente a *Comunicar alumnos pendentes*.

O que lle comunico para o seu coñecemento, co rogo da súa colaboración.

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2004

O SECRETARIO XERAL



Joaquín Rodríguez-Loubes Muñiz

Ilmos. Sres. decanos e directores de centro  
Sres. directores de departamento  
Xefe do Servizo de Xestión Académica  
Persoal docente da USC